



Parada
de Niño

Chámase Parada de Miñor para distinguíla da outra parroquia do mesmo nome que hai no Arciprestado de Sn. Martiño: antigamente díxose Parata: no ano de 915 a 1º de Setembro o Rei Dn. Ordoño 2º coa súa esposa Da. Elvira entre outras cousas que doou á Igrexa de Lugo no noso Bispado foi en Turonio, Parata na ribeira de Minor: Simul in Turonio... Parata in ripa Minor, que é a mesma parroquia de que imos falando. En tempos antigos venerou por Patrón tutelar a Sn. Salvador como consta expresamente nunha escritura da Igrexa de Tui de 1º de Decembro de 1156 por estas palabras: en terra de Mineore Sn. Salvador de Parada: hoxe en día e de moitos anos a esta parte reconece por Tal a Santiago Apóstolo o Maior (180), a quen lle fan a festa o 25 de Xullo. Habitana 129 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor: antigamente mediados do século 16 era Parada cabeza de Xurisdicción civil, e mandaba tamén en Vilaza. Importan os seus décimos 20.000 reais, dos que leva o Párroco a terceira parte, e o Rdo. Bispo de Tui as outras dúas terceiras restantes: aquel non ten casa reitoral nin igrexario. A fábrica da Igrexa percibe de réditos de censo 140 reais. Venérase nesta con moi especial culto e gran romaría unha imaxe da Nai de Deus baixo o título de Nosa Señora da Saúde. O seu culto empezou no ano de 1892 a 19 de setembro en que se colocou no referido templo dita soberana imaxe que enviou de Sevilla Dn. Domingo Roman natural desta parroquia, e veu embarcada ata a vila de Baiona. O presente Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Dista de Tui 2 leguas e media.

25....Sn. De Nandín. Era esta unha parroquia moi antiga do Bispado, e dela atopamos na escritura de partilla de Igrexas e bens feita entre o Rdo. Bispo e Cabido de Tui en 1º de Decembro de 1156, na información dos Milagres de Sn. Pedro Telmo recibida polos anos 1258 e noutros moitos documentos. Hoxe non existe, nin aínda noticia da súa Igrexa, está incorporada á antecedente de Parada. (ÁVILA Y LA CUEVA, 505-506)





181



182

Igrexa parroquial (181)

A primeira impresión que temos ao contemplar esta igrexa na súa fachada occidental é que estamos ante un exemplo máis dos templos construídos ou modificados a finais do século XVIII e comezos do XIX. Levaremos unha boa sorpresa ao circundalo ou entrar no seu interior pois atoparemos un magnífico exemplo do románico galego.

Á súa planta dunha nave con ábsida semicircular, engadíronlle no lado sur unha capela e a sancristía.

A porta é de arco de medio punto con molduras, e enmárcase con dúas pilastras laterais e outra enriba a modo de lintel. Nesta ten a inscrición:

“IGLESIA DE REFUGIO: ETC: 1835”.

Remátase a porta cunha pequena moldura a modo de tornachoivas.

Por riba dela está unha peaña semicircular que serve de base para a imaxe do Patrón colocada na fornela, tamén de arco de medio punto, moldurada e con venera.

Case unida a ela, hai unha fiestra rectangular, resaltada con moldura acodada.

A cada extremo do muro presenta un pináculo no que se inicia unha balaustrada como remate ata a espadana.

Esta sitúase no centro da fachada. Nunha cornixa voada cérrese por balaustrada pétreo. No primeiro corpo ten dous ocos onde se aloxan as campás. Un deles foi reformado na parte inferior para que puidera entrar a campá grande. No segundo corpo, un só oco adornado de volutas laterais. Remátase con frontón triangular e cruz pétrea de remate.

No lado norte conserva unha das **portas románicas (182)**: o seu arco é abucinado con tres arquivoltas, lixeiramente apuntadas e adornadas con boceis, flores hexapétalas con botón central, cravos, billetes e dúas columnas, unha a cada lado, con capiteis de ornamentación vexetal para apoio da primeira arquivolta. Nas restauracións que se fixeron nos anos 1967 e 1975 recuperouse esta forma orixinal da entrada, sen o lintel que lle tiñan colocado cunhas grapas de ferro.

No lado sur existiu outra entrada similar en forma e tamaño. Aínda se conserva parte da súa decoración na capela da Virxe da Saúde.

As entradas de luz nos paramentos norte e sur resólvense con seteiras, cunha pequena decoración de flores hexapétalas nas do lado norte. Ao interior presentan un gran derrame e xambas lisas.

No tramo recto da **ábsida (183)** ten outras dúas fiestras. A do sur foi reformada a causa do muro de cerre da sancristía, quedando na actualidade unha imitación das seteiras do pano da nave. A do lado norte consérvase completa. É de arco de medio punto, con basas, columnas, capiteis e moldura no arco. O seu derrame é a ámbolos lados. Adórnase cunha chambrana de billetes en todo o semicírculo. Os capiteis están moi deteriorados e as columnas son monolíticas e coas basas áticas.

Baixo o aleiro do tellado conserva canzorros de diversa decoración. Algúns deles son posteriores á construción da igrexa, pero a maioría son orixinais, así todos os da ábsida, que representan dúas cabezas de touros e rollos.

No interior contemplamos a cuberta formada por unha armazón de vigas en tesoura para soportar a armazón de taboleiros no que apoia a cubrición exterior.

Nos paramentos consérvase a imposta de billetes que percorre toda a nave, interrompida nos arcos das portas.

Estas son de arco apuntado e de aresta morta.

O arco triunfal é moi apuntado, ten moldura lisa e arquivolta de baquetillas. Apóia-se nunha imposta corrida nos dous lados, sen adorno.

A ábsida ten a bóveda apuntada. O tramo recto divídese en dous por medio dunha semicolumna monolítica con capitel de decoración vexetal.

No segundo destes tramos están as **fiestras (184)** que comentamos polo exterior. Compóñense de arco de medio punto. Teñen dúas columnas monolíticas de basa ática. Os **capiteis (185)** son de decoración vexetal, menos un deles que presenta **figuras animais**.

No centro do tramo curvo atopamos outra fiestra de tipo completo con arco de medio punto, pero sen proxección ao exterior.

Esta ventá foi descuberta nas obras de restauración do ano 1968, en que se retirou o retablo maior que cubría todo o paramento curvo da ábsida. Ao desmontalo apareceron unhas pinturas ao temple do século XVI. Pareceu conveniente non conservalas pola dificultade da súa recuperación.





Na actualidade esta igrexa de Parada de Miñor é santuario mariano da Virxe da Saúde.

A capela que se engadiu no lado sur acolle o **retablo (186)** coa imaxe da mesma na fornela principal.

É o único retablo que queda nesta igrexa, despois do desmonte do retablo maior, como xa se mencionou.

A súa planta é poligonal.

Está formado de banco, corpo e ático.

No centro do banco e seguindo o adiantamento que terá a rúa central está o Sagrario cunha fermosa porta representando a Custodia.

No corpo ten tres rúas. A central adíantase respecto ás laterais e enmárcase con dous estípites para acoller nunha caixa cuadrangular a imaxe da **Virxe da Saúde (179)** sobre un pedestal.

Nesa mesma rúa, como remate, unha cartela co anagrama de María.

As rúas laterais son tamén de caixa plana en arco de medio punto e acollen as imaxes de S. Sebastián e Sto. Antonio sobre peañas.

No ático, en caixa plana e arco de medio punto, a imaxe de Santa Ana, centrada por dous estípites apilastrados. Despois da decoración floral, nos extremos, dous anxos con palmas.

Remátase o conxunto cun florón e a cruz.

A imaxe da Virxe da Saúde foi regalada por D. Domingo Román, natural desta parroquia para cumprir unha promesa que fixera durante a peste en Sevilla onde vivía no ano 1801. Chegou por mar a Baiona o 17 de setembro do ano 1802, e trasladouse con toda solemnidade ata aquí onde foi entronizada dous días despois con grandes festas.



Cruceiro (187)

Entre outros, collemos este que se atopa na entrada do pazo de Suero Yáñez, por ser un dos máis antigos do Val Miñor.

Na base leva inscrito o ano “1583”. Na columna hai outra inscrición co ano “1778”.



Ata aquí chegaba antigamente a procesión do Xoves Santo.

Nunha cruz de sección cuadrangular, presenta un Cristo con tres cravos no anverso (188), e no reverso a Piedade (189).

FESTAS E ROMAXES DE PARADA:

- Santiago e Sta. Ana: 25 e 26 de Xullo.
- Virxe da Saúde: 1º domingo de Agosto (190).

